

# DEPUTACIÓN DA CORUÑA



**SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA ADQUISICION DUNHA FURGONETA CON  
CAIXA ABERTA SINXELA E GRÚA HIDRÁULICA PARA BRIGADA DE  
OBRAS MUNICIPAL, MEDIANTE CONTRATO DE SUMINISTRO DE  
VEHICULOS NOVOS**

## **INDICE**

1.- OBXECTO DO CONTRATO

2.- ANTECEDENTES E OBXECTO DO SUBMINISTRO

2.1.- ANTECEDENTES

2.2.- OBXECTO DO SUBMINISTRO

3.- CRITERIOS XERAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO CONTRATO

3.1.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

3.2.- DURACIÓN DO CONTRATO

4.- CONDICIIONS TÉCNICAS DO CONTRATO

5.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO VEHÍCULO

6.- ENTREGA DO VEHÍCULO AO CONCELLO

7.-PRESUPOSTO PARA O SUBMINISTRO DO VEHÍCULO

## **1.-OBXCETO DO CONTRATO**

O presente documento, ten por obxecto definir a contratación por parte do Concello de Vedra, da compra dunha furgoneta con caixa aberta sinxela e grúa hidráulica para a brigada de obras municipal, por un importe de CORENTA E SEIS MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E UN CENTIMOS (#46.375,81€ #) (IVE excluído), e coas características técnicas, que se definen a continuación.

## **2.- ANTECEDENTES E OBXECTO DO SUBMINISTRO**

### **2.1. ANTECEDENTES**

Este concello conta con doce parroquias e unha superficie de 51,1 quilómetros, entre as que se reparten as aproximadamente 130 entidades singulares de poboación (aldeas).

Defendemos como piares da nosa actuación, a prestación de servizos básicos e de primeira necesidade a todos os veciños do termo municipal, a conservación e mellora do medio ambiente e o fomento e promoción do turismo, temas que tamén teñen vital importancia e relevancia a nivel autonómico, estatal e europeo.

Cómpre destacar entre outras as tarefas de albanelería que desenvolve a brigada de obras municipal, tales como construción, mellora e rehabilitación de edificacións, conservación de infraestruturas, ou todas aquelas obras de mediana ou pequena envergadura que son susceptibles de realizarse por unha cuadrilla integrada por oficiais de segunda/primeira e peóns especialistas de albaneis.

*Entre as instalacións municipais coas que conta este concello destacamos a propia Casa do Concello, biblioteca, aula CEMIT e ludoteca en Vedra, gardería municipal e Museo Paz Camps en San Fins de Sales, naves-garaxe na parroquia de Trobe, casas de cultura en San Miguel de Sarandón e Santa Cruz de Ribadulla, así como innumerables áreas de recreo, zonas axardinadas, parques, xardíns, parques infantís, etc... que requiren de pequenas obras de conservación e mantemento ao longo de todo o ano.*

*Así mesmo dende o concello facémonos cargo das obras de pequena envergadura dos locais sociais das diversas asociacións de veciños, culturais e deportivas deste termo municipal.*

Nestes intres o único vehículo do que dispón a brigada de obras é un todoterreo Nissan Patrol, que conta con máis de 15 anos e un remolque de gancho. Este vehículo require dun mantemento e reparacións continuas debido ao tempo que ten e ao desgaste que sofre tendo en conta as actuacións ás que está destinado. Os custos de reparación e mantemento superan amplamente o valor residual do vehículo, pero tendo en conta as dificultades económicas que están a soportar nestes intres os

concellos, non nos vemos na posibilidade de afrontar os custos dun novo vehículo que substitúa o Nissan co que se conta agora mesmo. Por este motivo estímase precisa a compra dun novo vehículo.

### **3.- CRITERIOS XERAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO CONTRATO.**

#### **3.1.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.**

A modalidade de contratación do vehículo é en réxime de COMPRA, debendo ser o vehículo novo.

#### **3.2. DURACIÓN DO CONTRATO.**

O período de duración do contrato será o da entrega do vehículo, que se efectuará no prazo máximo de TRES MESES naturais dende a data de adxudicación.

### **4.- CONDICIONS TÉCNICAS DO CONTRATO.**

A partir da data de entrega da furgoneta con caixa aberta sinxela e grúa hidráulica, estará en garantía de calquera defecto de fabricación ou avaría xurdida no correcto uso da mesma, tanto no custe das pezas como da man de obra, durante un prazo mínimo de DOUS (2) ANOS. No suposto de que se supere este prazo da mesma, será valorado polo órgano de contratación.

### **5.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO VEHÍCULO.**

O vehículo obxecto de contratación ofertado polos licitadores, deberá cumprir necesariamente as seguintes características técnicas de equipamento, opcións, color e rotulación ou presentar características equivalentes as establecidas.

Así mesmo, debe tratarse dun vehículo que se encontre actualmente no mercado nacional de automóviles novos e que a súa comercialización en dito sector estea previsto que permaneza ao menos por un prazo superior a DOCE MESES dende a data de presentación das ofertas polos licitadores.

Aportaranse necesariamente catálogos completos do vehículo ofertado, xunto cunha táboa ou folla descritiva do fabricante con todas as características técnicas e funcionais do mesmo, así como toda aquela outra documentación complementaria que defina claramente todas as características que se inclúen neste documento e que sexan puntuables á hora de valorar a oferta.

O vehículo entregarase con dous xogos de chaves.

A entrega do vehículo será na cor corporativa que o concello de Vedra elixa ou determine. Así mesmo entregarase cos anagramas e logotipos que definen a súa identidade corporativa. Así mesmo deberá incorporar en lugar ben visible o logotipo da Deputación. A Deputación facilitará ao adxudicatario estes logotipos e anagramas dixitalmente.

O vehículo debe ter todos os compoñentes precisos para o uso que se destine.

As características técnicas mínimas que debe cumprir o vehículo serán as seguintes:

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DE FURGONETA CON CAIXA ABERTA SINXELA E GRÚA HIDRÁULICA		
MOTOR	Cilindrada	<b>Igual ou superior a 2000 cc</b>
	Nº de cilindros <b>mínimo</b>	4 cilindros
	Potencia <b>mínima</b>	<b>150 CV</b>
	Tracción	Traseira
VEHÍCULO	Sistema de inxección	Sistema de inxección directa multipunto de alta presión “Common Rail” <b>ou semellante</b>
	Freos	Dobre circuíto. Dianteiros e traseiros de disco
	Dirección	Asistida
	Rodas	215/75 R16C ou similares
	Cabina	Cabina sinxela
	Carrozaría -caixa	Tipo trivolco con armazón e piso en chapa de aluminio antidesgaste de 4 mm, Dúas baldeiras a cada lado e unha traseira de 50 cm. de alto. Un cilindro e equipo hidráulico.
	Peso	Máximo peso permitido no eixe traseiro 2250 kg
		Máximo peso permitido no eixe dianteiro 1850 kg

EQUIPAMENTO	Seguridade	ABS, ESP, TCS, HLA, EBA
		Airbag condutor
		Cintos seguridade
	Antirrobo	Inmovilizador
		Peches de alta seguridade
		Peche control remoto de dobre cerre centralizado
		Apertura do capó mediante chave e tapa depósito con cerradura
	Deseño e carrozaría	Portas laterais con cristais
		Xanelas dianteiras con elevallunas eléctricos
		Retrovisores exteriores con eliminación de puntos mortos
		Limpa parabrisas dianteiros, <b>ao menos</b> de 2 velocidades, con lavado eléctrico
		Gardalamas dianteiro
		Vidro traseiro térmico
		Faros halóxenos, intermitentes, faros antinéboa traseiros, luz de marcha atrás
		Nivelación de faros
		Luces de galibo
		Radio/CD
		Alfombras de goma
		Luces de cortesía montadas no teito
		<b>Grúa tras cabina con cesta para unha persoa</b>

## **CARACTERÍSTICA TÉCNICAS DA GRÚA A INCORPORAR AO VEHÍCULO**

<b>PESO MÁXIMO ELEVABLE</b>	<b>Alcance hidráulico horizontal: 6,80 m Momento de elevación: 2,30 Tn/metro Capacidade de carga a 6,80 m: 270 Kg</b>
<b>LUZ MÁXIMA DE TRABALLO</b>	<b>Alcance hidráulico vertical: 9,00 m</b>
<b>SISTEMA DE ANCORAXE AO VEHÍCULO</b>	<b>Ancoraxe fixo mediante aparafusado ao bastidor do vehículo e á estrutura de reforzo (sobre chasis)</b>
<b>SISTEMA DE MANDO E OPERACIÓN DA GRÚA</b>	<b>Mandos manuais a ámbolos dous lados da furgoneta</b>

### **6.- ENTREGA DO VEHÍCULO AO CONCELLO.**

O Concello non estará obrigado a pagar o vehículo mentres non sexa entregado de forma efectiva, do modo e xeito que se indica no presente punto.

Encóntranse incluídos, dentro das prestacións do contrato, todos os gastos de transporte do vehículo obxecto da contratación ás instalacións que sexan indicadas polo Concello para a súa entrega.

O vehículo entregarase xa matriculado e ao corrente de todos os impostos ou arbitrios que correspondan, xunto con toda a documentación do mesmo e aqueles elementos que por disposición legal (actual ou futura), deban levarse a bordo (triángulos de emerxencia, xogo de luces de reposto, chaleco reflectinte, caixa de ferramentas, etc.).

O adxudicatario asumirá todos os riscos de perecemento, perda ou menoscabo do vehículo obxecto de contratación ata o momento da súa efectiva entrega nas instalacións que o Concello designase. Este último poderá rexeitar a entrega do vehículo se no momento de procederse a esta se observan anomalías, danos ou deficiencias. O vehículo obxecto de contratación terá que entregarse ao Concello en perfecto estado de acabado e funcionamento e nos prazos acordados.

No momento da entrega, o adxudicatario, ou persoa que designe, debe esixir á persoa designada polo Concello para recepcionar o vehículo, que acredite a súa identidade.

Dita persoa designada polo Concello, despois dunha inspección do vehículo e dos accesorios que se lle entregan, fará constar nun documento de entrega a correcta recepción do vehículo, así como calquera defecto ou carencia que observe nel, entendéndose este momento como o da entrega efectiva do vehículo. Unha copia de dito documento quedará no poder de cada unha das partes.

O prazo de entrega será dun máximo de TRES MESES, dende a data de adxudicación.

## **7.- PRESUPUESTO PARA O SUMINISTRO DO VEHÍCULO**

O presuposto, sen superar a cantidade de CINCUENTA E SEIS MIL CENTO CATORCE EUROS CON SETENTA E TRES CENTIMOS (#56.114,73 ¤#) (IVE incluído), deberá incluír de xeito analizado cantas melloras técnicas, estéticas e de calidade propoña o licitador de cara a unha valoración homoxénea das ofertas, incluso tramitación, matriculación, xestión de ITV e demais, a excepción do IVE que se consignará como partida independente.

### **7.1- PRESUPUESTO PARA O SUBMINISTRO DO VEHÍCULO**

O prezo incluírá o estudo técnico (proxectos, direccións técnicas, homologacións, etc...) e Xestión ITV.

Ditos custes e impostos serán reflectidos posteriormente na factura, axustándose estes a cantos requisitos sexan esixidos pola normativa vixente en cada momento.

Vedra, 4 de xuño de 2014

Vº Bº

O ALCALDE,

TECNICO RESPONSABLE ADMON.

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo

Asdo.: Clara Lema Rodríguez